



Concello de Laxe



SOLICITUDE DE INSCRIPCIÓN NA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA DE LAXE para o CURSO 2023 – 2024

DATOS DO/A ALUMNO/A (menor de idade)		
NOME:		
APELIDOS:		
ENDEREZO:		
IDADE:		
TELÉFONO/S:	E-MAIL	
INSTRUMENTO:		
OUTRAS ACTIVIDADES NAS QUE ESTÁ INSCRITO/A:	Actividade: Horario: Actividade: Horario: Actividade: Horario:	

AUTORIZACIÓN DO PAI / NAI / TITOR-A
<p>Don/a _____, con DNI _____, como pai/nai/titor-a AUTORIZO ao/á menor inscrito na parte superior deste documento a participar na Escola Municipal de Música de Laxe e comprométome a recollelo/a no lugar e hora convidos á hora de comezo e remate da actividade, así coma a facilitar a súa presenza nas actuacións que se organicen ao longo do curso por parte da Escola Municipal de Música, a non ser por causa de forza maior.</p> <p>A falta inxustificada ás sesións de ensaio ou ás actuacións programadas durante o curso pola Escola de Música Municipal, poderán ser causa de baixa e expulsión da mesma, así coma de inadmisión en vindeiros cursos.</p> <p>En Laxe, a ____ de outubro de 2022.</p> <p>Asdo.: Nai / pai ou titor/a do/a alumno/a</p> <p>_____</p>



Concello de Laxe

**AUTORIZACIÓN INFORMADA PARA O USO E CESIÓN DE DEREITOS DA IMAXE PERSOAL PARA
MENORES DE IDADE DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA DE LAXE**

O dereito á propia imaxe está recoñecido no artigo 18.1 da Constitución Española e regulado pola Lei Orgánica 1/1982, de 5 de maio, de protección do dereito ó honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, e o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ó tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (En adiante RGPD).

Conforme á Lei Orgánica 3/2018 de Protección de Datos de Carácter Persoal e Garantía dos Dereitos dixitais, informámolo de que os datos facilitados serán tratados polo Concello de Laxe coa finalidade de poder atender a súa solicitude, de xeito confidencial, e só poderán ser cedidos, naqueles casos contemplados pola lexislación vixente.

D. José Luis Pérez Añón, alcalde do Concello de Laxe, en representación da Escola Municipal de Música dependente deste, con CIF P-1504100-G, solicita o seu permiso para o uso da imaxe e voz do/a menor, conforme á seguinte **AUTORIZACIÓN:**

D./Dna. _____, con DNI _____, domicilio en _____ e número de teléfono _____, en representación do/a menor _____

1. Para que esta entidade poida fixar a súa imaxe, así como a súa silueta, a súa voz con ou sen efectos sonoros, e outras reproducións do seu aspecto físico, especialmente mediante fotografías ou vídeos que poidan realizarse durante as actividades que se relacionan a continuación:

- Actividades ordinarias individuais ou en grupo (actuacións, ensaios...)
- Actividades extraordinarias (reunións, charlas, comidas, viaxes,...)
- Outras actividades relacionadas coa entidade nas que interveña o interesado.

SÍ DOU O MEU CONSENTIMENTO.

NON DOU O MEU CONSENTIMENTO.

2. Así mesmo, autorizo á entidade a facer uso das imaxes e voz tomadas, empregándoas e comunicándollas ó público, sempre dentro da mencionada finalidade, especialmente mediante a publicación nos seguintes medios:

- Webs dependentes do Concello de Laxe.
- Redes sociais do Concello de Laxe.
- Montaxes multimedia (CD ou DVD con fotos, películas, etc.).
- Documentos informativos da actividade, como reportaxes, trípticos informativos, carteis, artigos, notas de prensa, e outros documentos que difundan e den publicidade ás actividades relacionadas coa Escola de Música Municipal.
- Informes, documentos ou solicitudes destinados a outras administracións públicas.

SÍ DOU O MEU CONSENTIMENTO.

NON DOU O MEU CONSENTIMENTO.

3. De conformidade co establecido no artigo 13 RGPD, declaro coñecer os seguintes aspectos:

- Que as imaxes tomadas poderán ser incorporadas a un ficheiro do cal e responsable o CONCELLO DE LAXE con CIF P1504100G, con domicilio en Av. Cesáreo Pondal núm.26 – 15117 - LAXE (A CORUÑA), e con email correo@laxe.es, que poderá tratar as mesmas e facer uso delas nos termos e para a finalidade fixados neste documento.
- Que estas imaxes e audios serán sempre empregadas sen fins de lucro por parte do Concello de Laxe.
- Que o destinatario de estes datos será unicamente o devandito responsable, quen non realizará cesión algunha dos mesmos, salvo as comunicacións ós encargados do tratamento que colaboren na prestación dos servizos ós que se refire o tratamento.
- Que a base xurídica do devandito tratamento é o propio consentimento, o cal poderá ser retirado en calquera momento, sin que iso afecte ó lexítimo tratamento realizado hasta esa data.
- Que as devanditas imaxes serán conservadas polo tempo exclusivo para dar cumprimento á finalidade para a que foron recabadas e mentres non prescriban os dereitos que poidan exercer contra o responsable, salvo norma que dispoña un prazo superior.
- Que a non autorización expresada anteriormente, será tida en conta pola entidade a efectos de evitar no posible recopilar datos do/a menor, como poden ser a toma de imaxes do mesmo. En todo caso, tendo tomada a imaxe a través de fotografía, vídeo ou calquera outro medio de captación procederase a distorsionar os teus rasgos diferenciáveis, sobre todo cando na captura concorran a túa imaxe con a doutros menores que autorizaran a súa captura, nos termos aquí previstos, ó uso, tratamento e cesión da túa imaxe.
- Que o alumno/a renuncia a calquera tipo de recompensa económica ou doutra natureza pola súa aparición nas fotografías e gravacións mencionadas.
- Que en calquera momento podo exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación, oposición, limitación e portabilidade tanto dos datos persoais e imaxes do/a menor inscrito e dos meus propios, ben sexa mediante escrito presentado no Concello de Laxe de forma presencial acompañado de orixinal ou copia cotexada do meu DNI, ou ben de forma telemática, mediante a tramitación de dita solicitude a través da sede electrónica municipal do Concello de Laxe.
- Así mesmo, teño a posibilidade de presentar reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos.

4. Consinto no tratamento dos meus propios datos persoais e do/a menor inscrito contemplados no presente documento, coa única finalidade de xestionar as autorizacións informadas e inscricións da Escola Municipal de Música do Concello de Laxe, baixo as mesmas características e dereitos contemplados nos parágrafos anteriores.

SÍ DOU O MEU CONSENTIMENTO.

NON DOU O MEU CONSENTIMENTO.

En Laxe, a ____ de outubro de 2023

O alcalde,

O/a pai/nai ou titor/a do/a alumno/a,

José Luis Pérez Añón
